

Leituras

Comezando
a ler**Títulos:** O ladrón de voces / Elmer.**Autores:** Rafael F. Lorenzo / D. McKee.**Editoriais:** Kalandraka / Xerais.

A universalización do ensino gratuito e obrigatorio nos países desenvolvidos conlevou a aparición dun novo mercado editorial: os nenos. Nos comezos, o contido dos libros editados tiña unha forte compoñente pedagóxica que foi a chanzo evoluindo cara o que, debe ser o obxectivo derradeiro dun libro; a diversión do lector.

Deste xeito achéganse ao neoleitor os títulos que aquí se reseñan.

O primeiro deles de Rafael F. Lorenzo, *O ladrón de voces*, trata dun xeito case lírico (o autor é tamén poeta) o problema da comunicación da grande cidade a través dunha personaxe que se adica a roubar voces e levalas a unha illa na que poden vivir en liberdade. A metáfora reivindicativa da tradición oral queda redondeada co aparición dunha nena que aínda é quen de continuar esa mesma tradición que o ladrón de voces tentaba de gardar e que el coidaba xa esmorecida.

En ilustración dos libros infantís, as editoriais galegas deben estar ao nivel máis outro do que se fai en Europa.



Ilustración de Rubén López para *Mago A e... Mago B*, de Kalandraka.

Fermosamente narrada, ten por riba o engado dunha coidadísima edición e unhas ben orixinais e atractivas ilustracións, cousa esta última que é unha constante nas edicións deste tipo de literatura que se fan na nosa terra e que coido deben estar á cabeza, ou alomenos no máis outro nivel, das que se fan en toda Europa.

Nestes tempos nos que a desdía, cando non acoso, da política de protección cultural do goberno do PP tennos nunha angústia constante, aos que dun xeito o outro traballamos neste eido, o exemplo desta editorial especializada é ben de loubar.

A outra colección que se cita enriba vai dirixida aos picariños máis novos e vains contando a través

so de distintos campos semánticos as aventuras dun orixinal e simpático elefante de cores. Eu recomendaría en especial o titulado *Elmer, outra vez*, metáfora ben construída da necesidade de integrar o diferente, e como o feito da diferenza é algo imprescindíbel.

Tinguido dunha mensaxe de tolerancia, resulta divertido e moi atractivo para o lector e mesmo para os aínda non lectores pola excelente secuenciación e deseño das ilustracións.

En fin, agora que se achega o Nadal, non hai nada mellor para agasallar aos grandes e cativos que un bó libro. Oferta nas librerías non vai faltar. ♦

X.Mª DE CASTRO ERROTETA